

MPN/mag

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN
MUNICIPAL, COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA E COHESIÓN SOCIAL DO DÍA
20/09/2021**

ASISTENTES

PRESIDENTE:	D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
SUPLENTE	D ^a . Olga María García Ballesteros
VOGAIS:	D ^a . Ana María Mejías Sacaluga
	D. Gorka Gómez Díaz
	D ^a . Raquel Giráldez Armas
	D. Manuel González Martínez
	D. Carlos López Font, en substitución de D. Gregorio Agís Gómez
	D ^a . Iria Lamas Salgueiro
	D. José Carlos López Campos
	D. Jorge Cubela López
	D. Miguel Domínguez Alfonso
	D ^a . María Paz Lago Martínez
	D. Ignacio Maril Pardo
	D. José Alfonso Marnotes González
	D. Javier Tourís Romero
	D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo
	D ^a . María Ortega Iñarrea, en substitución de D. Uxío Benítez Fernández

Sendo as dez horas e trinta e cinco minutos do día vinte de setembro do ano dous mil vinte e un, reúnen-se no Pazo Provincial os Sres./as. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D. Santos Héctor Rodríguez Díaz. Actúa como secretaria a Xefa do Servizo de Cooperación, D^a. Marina Piñeiro Novo.

Aberta a sesión polo Presidente, pásase ó estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, sobre os que recaeron os seguintes ditames:



1.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR

Apróbase a acta da sesión anterior correspondente á sesión extraordinaria celebrada o dez de setembro do ano dous mil vinte e un co voto favorable de todos os membros da Comisión.

2.- DITAMINAR A APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PONTEVEDRA SOBRE INFRAESTRUTURA VIARIA E DE SERVIZOS PARA A AMPLIACIÓN DO HOSPITAL DE MONTECELO (expediente núm. 2021036318)

De conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, sométese ó Ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social a seguinte proposta de acordo con carácter previo á súa elevación ante o Pleno para a súa aprobación:

“ASUNTO: APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PONTEVEDRA SOBRE INFRAESTRUTURA VIARIA E DE SERVIZOS PARA A AMPLIACIÓN DO HOSPITAL DE MONTECELO

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- *No exercicio das súas atribucións, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra teñen o obxectivo compartido da creación dun novo viario de circunvalación de acceso ao futuro Hospital Gran Montecelo, que actuará, a modo de by-pass, como unha variante ao tráfico que actualmente circula pola avenida de Montecelo, coa finalidade de facilitar a circulación, os accesos rodados e os peonís ao novo equipamento hospitalario, para que poida atender axeitadamente a demanda de mobilidade que poida xerarse coa construción do novo centro hospitalario e a dotación de infraestruturas e servizos urbanos necesarios.*
- *Para dar cumprimento ó obxectivo referido no parágrafo anterior a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra desexan establecer as pautas de colaboración para levar a cabo o “NOVO VIARIO AMPLIACIÓN HOSPITAL GRAN MONTECELO” e así, en data 05/07/2021 e núm de rexistro 2021016661, o Concello de Pontevedra presenta no Rexistro Xeral unha solicitude e demais documentación necesaria para a formalización do devandito convenio. Asemade segundo o proxecto de execución do referido investimento o orzamento de licitación será de 1.369.951,30 €, IVE engadido, que segundo o previsto na proposta de convenio será financiado integramente pola Deputación, coa achega de 700.000,00 euros no exercicio 2021 e 669.951,30 euros no exercicio 2022.*
- *Revisada polo Servizo de Cooperación, a documentación achegada cumpre os requisitos esixidos pola normativa aplicable para a sinatura do convenio. A estes efectos a proposta de convenio infórmase pola xefa do Servizo de Cooperación. Asemade, o proxecto técnico foi supervisado polos servizos técnicos provinciais. Pola súa banda, solicítase a*



Intervención Xeral provincial, logo de dar conta dos antecedentes e normativa de aplicación, a fiscalización e conformidade do expediente.

- *Sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación cos Municipios, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social para levar a cabo o “Novo Viario Ampliación Hospital Gran Montecelo”.*

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Lexislación aplicable

- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA)*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas (LPACAP)*
- *Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)*
- *Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)*
- *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)*
- *Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio 2021*
- *Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral)*

Consideracións Xurídicas:

Competencia:

- *Artigo 25.2.d) da LRBRL, en concordancia co artigo 80.2.d) da LALGA que atribúe ás administracións municipais a competencia en materia de infraestruturas viarias e outros equipamentos da súa titularidade, así como da ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística; a promoción e xestión de vivendas; os parques e xardíns; a pavimentación de vías públicas urbanas e a conservación de camiños e vías rurais.*
- *Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica ós concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ó conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo ós seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.*

Petición e evacuación de informes:

- *Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.*



- *Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.*
- *Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.*
- *Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.*
- *Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para 2021, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.*
- *Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*

Procedencia do convenio

- *Artigo 47 e seguintes da LRXSP, que dispón que o convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.*
- *Artigo 57 da LRBRL que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.*
- *Artigo 198 da LALGA, que establece que as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia. No seu apartado 2º dispónse que a través dos convenios de cooperación as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector e distribuír as subvencións outorgadas por unha delas. No apartado 3º sinalase que, en especial, as Deputacións Provinciais poderán subscribir, cos municipios da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ó conxunto dos servizos municipais.*
- *Artigos 199 da LALGA, que en consonancia co artigo 49 da LRXSP sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.*
- *Artigo 6 da LCSP, que exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que subscriban estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a dita lei.*
- *Artigo 2 da LXS, polo que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención. O artigo 22.2 da LXS sinala que se poderán conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das Entidades Locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións. Neste senso, a Deputación, para o desenvolvemento das actuacións que se describen no convenio, ten consignado expresamente no estado de gastos do*



orçamento provincial do exercicio 2021, dotación orzamentaria na aplicación 2021/942.9420.762.14 e designado como beneficiario ó concello.

- Artigo 28.1 da LXS que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.

CONCLUSIÓNS

En base ás precedentes consideracións e ó interese público que representa esta actuación para a cidade de Pontevedra, da veciñanza e resto de potenciais visitantes da cidade, o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra conveñen a súa colaboración neste ámbito co obxecto de desenvolver un réxime de colaboración entre ambas administracións locais para levar a cabo a execución das actuacións do novo viario ampliación Hospital Gran Montecelo.

Neste senso os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar esta colaboración.

O Concello de Pontevedra presentou a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver e o propio obxecto do convenio.

Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, **INFORMO FAVORABLEMENTE** a tramitación do “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PONTEVEDRA SOBRE INFRAESTRUTURA VIARIA E DE SERVIZOS PARA A AMPLIACIÓN DO HOSPITAL DE MONTECELO”

RÉXIME COMPETENCIAL:

De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle ós órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido no artigo 33 da LRBRL e na base 16ª.3.b) das Bases de Execución do Orzamento provincial, compételle ao Pleno a autorización e disposición dos gastos plurianuais cando non se cumpran os límites establecidos no artigo 174 do TRLRFL.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

Á vista dos informes da xefa do Servizo de Cooperación, de Secretaría Xeral e da Intervención Provincial, sométese a ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, a seguinte proposta de acordo:

- **APROBAR** o “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PONTEVEDRA SOBRE INFRAESTRUTURA VIARIA E DE SERVIZOS PARA A AMPLIACIÓN DO HOSPITAL DE MONTECELO” cuxo texto literalmente transcrito di como segue:



“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra sobre infraestrutura viaria e de servizos para a ampliación do Hospital de Montecelo

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

Interveñen

*Dunha parte dona **María del Carmen Silva Rego**, quen actúa no nome e na representación da **Deputación Provincial de Pontevedra**, en virtude do seu cargo como presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.*

*Doutra parte don **Miguel Anxo Fernández Lores**, quen actúa no nome e na representación do **Concello de Pontevedra**, en virtude da súa condición de alcalde - presidente da amentada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.*

*Actúan don **José Carlos Castiñeira Piñeiro**, na súa calidade de secretario do Concello de Pontevedra, e don **Carlos Cuadrado Romay**, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, os que dan fe do acto.*

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e a formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, de común acordo,

Expoñen

I.- A Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra veñen coincidindo no tempo, no criterio de considerar que son os concellos, como administración democraticamente escollida, os axentes protagonistas e os eidos administrativos de decisión do deseño e impulso da acción local, así coma do desenvolvemento das políticas locais. As deputacións, mentres existiren, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadar iguais dereitos e servizos.

II.- A tales efectos, a Deputación e o Concello de Pontevedra veñen coordinando as súas competencias mediante a sinatura de protocolos e convenios de colaboración para afondar na cooperación administrativa entrámbalas institucións e, particularmente, na cooperación destinada á planificación e execución de proxectos e infraestruturas públicas, tales coma as referidas aos servizos urbanos e infraestruturas deportivas ou viarias, entre outras de carácter diverso.



III.- Neste senso, o Concello de Pontevedra propuxo a inclusión de dúas novas infraestruturas e actuacións a incluír nesta xeira de colaboracións, a saber:

- *A primeira, referida ao financiamento e á execución do viario de acceso ao Hospital de Montecelo, incluído no proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, en virtude do convenio de colaboración asinado polo Concello de Pontevedra coa Consellería de Sanidade e o SERGAS.*
- *A segunda nova infraestrutura viaria é consecuencia do acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra do 26/12/2017, que culmina coa sinatura dun Convenio de colaboración o 28/12/2020, para a mellora e ampliación da rede viaria entre a estrada PO-546 (rúa de Rosalía de Castro) e a avenida de Marín.*

IV.- *Lémbrese tamén que, constan antecedentes anteriores da cooperación entre a Deputación e o Concello de Pontevedra, como o convenio de colaboración asinado o 26/02/2008, para a realización de diversas actuacións, entre as que destaca a construción dun novo viario que facilitou o acceso a Montecelo dende a estrada N-550, que incluía a construción dunha nova ponte sobre o río Lérez, o que mellorou sensiblemente os desprazamentos entre o norte e o leste da cidade, ao evitar que todo o tráfico procedente da zona norte teña que pasar polo centro urbano para acceder a Montecelo ou Monteporreiro. Tamén o “Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Pontevedra para levar a cabo o acceso a Príncipe Felipe-Montecelo dende a PO-542 no lugar de O Marco”, asinado o 15/04/2013 e executado co obxectivo de mellorar a accesibilidade ao complexo asistencial Príncipe Felipe, de titularidade provincial, e ao amentado Hospital Montecelo, mediante a execución dun viario que unirá a estrada autonómica PO-542 O Pino-Bora, á altura da gasoleira existente no lugar do Marco, con este complexo asistencial.*

V.- *Noutra orde de cousas, en data 26/07/2016, o Concello de Pontevedra, a Consellería de Sanidade e o Sergas, asinaban un convenio denominado: “Convenio de cooperación entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Pontevedra, polo que se establecen as bases para a execución das obras de ampliación do hospital de Montecelo, que pasará a denominarse “Gran Montecelo”, polo que se establecen as bases para a execución das obras de ampliación do hospital de Montecelo e no que se sentaban os alicerces para a redacción e execución dun Proxecto Sectorial de Incidencia Supramunicipal (PSIS) que fixaría as determinacións e posibilitaría a ampliación do Hospital de Montecelo e a dotación de infraestruturas e servizos necesarios ou convenientes para o seu óptimo funcionamento.*

A sinatura deste convenio, deixou sen efecto e anulou as cláusulas pendentes de cumprir dos anteriores convenios asinados o 30/05/2005 -que tamén subscribira a Deputación Provincial - e o de 06/02/2009, sobre a execución das obras de ampliación do Hospital de Montecelo e dotación de infraestruturas.

O Concello de Pontevedra asumiu nese convenio do 2016, entre outros, os compromisos de sufragar “os gastos necesarios para dotar á parcela das infraestruturas necesarias, tales



como accesos rodados e peonís, abastecemento de auga, saneamento, subministración eléctrica e de gas, alumeadado, telefonía, etc. nas condicións precisas de acordo coa demanda que a execución destas actuacións fagan preciso”, execución que “deberá concluír con anterioridade á finalización da ampliación do Hospital co obxecto de garantir a súa posta en funcionamento”.

Tamén se comprometeu o Concello, á dotación dos espazos de aparcadoiro disuasorios precisos para atender axeitadamente a demanda que poida xerarse e a executar, a través dos entes públicos que no seu caso determine ou en colaboración con estes, a solución da circulación viaria prevista no proxecto sectorial que facilite a circulación e accesos á devandita infraestrutura.

VI.- No desenvolvemento do convenio asinado, o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 07/06/2018, declara de incidencia supramunicipal o proxecto sectorial para a ampliación do Hospital Gran Montecelo, para os efectos previstos na Lei 10/1995, de 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, atribuíndo á Consellería de Sanidade o seu impulso e tramitación. Trala preceptiva tramitación, o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 26/06/2019, aprobou definitivamente este proxecto sectorial e pola Resolución do 16/09/2019, da Dirección Xeral de Recursos Económicos, fíxose público o referido acordo.

VII.- O novo viario de circunvalación a Montecelo a proxectar, cuxo trazado inicial grafitase nun anexo do convenio referido no punto anterior deseña unha rotonda a partir da cal podería partir, no futuro, un novo acceso para dar servizo a outra infraestrutura supramunicipal como é a de Castro Senín, que actualmente está ocupada polo Grupo de Reserva e Seguridade (GRS-7) da Garda Civil, cuns accesos moi precarios que dificultan a correcta prestación dos servizos encomendados.

Tamén no PSIS aprobado para a ampliación do Hospital Gran Montecelo, prevese a implantación dese novo viario de circunvalación, con inicio e final da actual avenida de Montecelo, que circunda e dá acceso ao hospital, cunha lonxitude aproximada de 830 metros e que actuará, a modo de by-pass, como unha variante ao tráfico que actualmente circula pola avenida de Montecelo.

Foi o Concello de Pontevedra, encargado da súa execución, quen redactou o proxecto técnico denominado “Proyecto de construcción. Novo vial ampliación Hospital Gran Montecelo”, asinado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos don Luis H. Gómez Carrión, da empresa TECYP, de data decembro de 2018, incorporado no proxecto sectorial e que conta cun orzamento base de licitación (IVE engadido) de 1.369.951,30€.

Consonte coa cláusula cuarta, alínea 3, do amentado convenio asinado no ano 2016 entre a Consellería de Sanidade, o SERGAS e o Concello de Pontevedra, o SERGAS obterá, unha vez que se aprobe o proxecto sectorial, directamente ou por medio dalgunha entidade pública dependente da Xunta de Galicia, os terreos necesarios para proceder á execución do sinalado no PSIS. Arestora está en tramitación, na fase de información pública, o expediente expropiatorio referido ao viario de referencia.



Tamén ten executado o Concello, con cargo ao novo contrato de servizo, as obras referidas á nova rede abastecemento de auga dende o novo depósito de Castro Senín e a rede separativa de saneamento, para dar servizo á urbanización necesaria para a ampliación do hospital.

VIII.- Os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolveren a cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o artigo 57 da Lei 7/1985 e os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, así como co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O presente convenio, pola súa contía, deberá ser remitido ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

IX.- Os artigos 25 1.c) e d) da Lei 7/1985 e 80 da Lei 5/1997 establecen que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promoveren actividades e prestaren os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos establecidos neste artigo; exercendo, en todo caso, como competencias propias e esenciais, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, nas materias de infraestruturas viarias, de estacionamento de vehículos e en materia de mobilidade, que, xunto coas de abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais, cómpre cohonestar coas competencias das deputacións provinciais e cos principios que pautan a colaboración interadministrativa.

X.- A lexislación vixente en materia de réxime local encomenda ás Deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e axeitada dos servizos de competencia municipal. A tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que se instrumenta este convenio dirixido ao cumprimento das obrigas impostas pola normativa vixente, amais de resultar totalmente acaída esta canle de participación do ente provincial, por mor do carácter supramunicipal e mesmo provincial das dotacións de carácter público afectadas.

XI.- A Deputación Provincial de Pontevedra nos orzamentos para o ano 2021 prevé unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital, para convenios co Concello de Pontevedra.

Ao abeiro das precedentes consideracións, tomando como alicerces os principios de colaboración e de protagonismo dos concellos como axentes decisorios das políticas municipais, no eido das competencias que a lexislación vixente atribúe á administración local, as partes asinantes formalizan o presente Convenio de colaboración, consonte as seguintes:



Cláusulas

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é a cooperación entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra para levar a cabo as obras do novo viario de circunvalación do Hospital de Montecelo, con inicio e final da actual avenida de Montecelo, que circundará e dará acceso e servizo ao novo Hospital de Montecelo, previsto no PSIS aprobado definitivamente polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 26/06/2019, en desenvolvemento do “Convenio de cooperación suscrito o 26/07/2016, polo Concello de Pontevedra, coa Consellería de Sanidade e o Sergas, polo que se establecen as bases para a execución das obras de ampliación do hospital de Montecelo, que pasará a denominarse “Gran Montecelo”.

En concreto o proxecto obxecto deste convenio é o denominado “Proyecto de construcción. Novo vial ampliación Hospital Gran Montecelo”, asinado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos don Luis H. Gómez Carrión, da empresa TECYP, de data decembro de 2018”, que reflicte un viario de circunvalación cunha lonxitude aproximada de 830 metros, que actuará, a modo de by-pass, como unha variante ao tráfico que actualmente circula pola avenida de Montecelo, coa finalidade de facilitar a circulación, os accesos rodados e os peonís ao novo equipamento Hospitalario, para que poida atender axeitadamente a demanda de mobilidade que poida xerarse coa construción do novo centro hospitalario e a dotación de infraestruturas e servizos urbanos necesarios, co compromiso de conclusión con anterioridade ao remate das obras de ampliación do Hospital, ao obxecto de garantir a súa posta en funcionamento. Asemade a infraestrutura viaria suporá unha clara mellora para a cidade infantil Príncipe Felipe, xestionada pola Deputación Provincial.

Segunda.- Investimento programado e financiamento do Convenio

O importe ao que se refire o presente convenio a financiar ao 100% pola Deputación provincial de Pontevedra, ascende á cantidade total dun millón trescentos sesenta e nove mil novecentos cincuenta e un euros con trinta céntimos (1.369.951,30 €) e abrangue todos os gastos que derivan da execución das obras e instalacións a realizar.

O financiamento necesario para a realización das obras comprendidas neste convenio, realizarase do seguinte xeito:

	2021	2022	TOTAL
Deputación de Pontevedra	700.000,00 €	669.951,30 €	1.369.951,30 €
TOTAL			1.369.951,30 €

A achega da Institución Provincial da anualidade do 2021 efectuarase con cargo á aplicación 21/942.9420.762.14 do orzamento provincial. A anualidade do 2022 imputarase no seu caso á aplicación orzamentaria 22/942.9420.762.14, condicionada á aprobación do respectivo orzamento para dito exercicio.



No caso de que o investimento realizado teñan un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe de axuda respecto ao custo total do investimento.

O Concello, ademais da redacción do proxecto, asumirá os gastos de licitación, dirección de obra, da coordinación de seguridade e saúde e do control de calidade, amais do financiamento que lle corresponde na adquisición dos terreos por expropiación en virtude do Convenio suscrito co SERGAS e a Consellería de Sanidade.

Terceira.- Execución do convenio

1º.- A execución das actuacións e contratos a que se refire o presente convenio, terá lugar durante os anos 2021 e 2022, polo importe referido na cláusula anterior, unha vez obtida a dispoñibilidade dos terreos -logo da culminación do expediente expropiatorio pola Xunta de Galicia e postos estes a disposición do Concello-, respecto da cantidade prevista para o 2021 e, unha vez aprobado o proxecto e licitada a obra polo Concello, ao respecto da contía prevista para o 2022.

Non obstante, o eventual reaxuste das anualidades da execución dos citados contratos provocará o reaxuste das anualidades do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Pontevedra, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación Provincial de Pontevedra no expediente que se inicie para o reaxuste da anualidade de calquera de ditos contratos e comunicará á dita institución a resolución que se dite.

2º.- *O Concello remitirá, á Deputación provincial, a seguinte documentación e comunicacións:*

a) Documentación acreditativa da dispoñibilidade dos terreos unha vez asinadas e recibido testemuño das actas previas e de ocupación do expediente expropiatorio que tramita a Xunta de Galicia.

b) Acordo aprobatorio do proxecto de obras obxecto deste convenio.

c) Testemuño do contrato/s de obras para a execución do proxecto a que se refire o anterior parágrafo e comunicación da data e hora en que terá lugar a comprobación do trazado de planta, á que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un representante desta. A copia da acta que se levante será remitida á Deputación Provincial coa primeira certificación de obra que expida a dirección da mesma.

d) Comunicación da data e hora en que terá lugar, ao remate das obras do proxecto ou proxectos, o acto de recepción destas, ao que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un representante ou facultativo desta. A administración municipal remitirá á provincial copia da acta do dito acto de recepción e certificación das resolucións do órgano municipal competente aprobatorias da recepción das obras executadas e da certificación final das mesmas.



3º.- En todo caso, a achega ao Concello de Pontevedra farase efectivas mediante transferencia bancaria, unha vez unha vez presentada, ademais da documentación referida nos parágrafos precedentes, a seguinte documentación:

- a) Facturas expedidas polas empresas adxudicatarias dos traballos realizados.
- b) Certificacións de obra executada xunto coa correspondente aprobación polo órgano competente do Concello. Xunto coa primeira e última certificación se remitirá unha proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.
- c) Nomeamento da dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.
- d) Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a actividade obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.
- e) Acta de recepción das obras.
- f) Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

4º.- O concello poderá realizar xustificacións parciais, que responderán ao ritmo de execución da obra.

5º.- A Deputación de Pontevedra poderá realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias, co fin de asegurar o cumprimento das normas e do obxecto do convenio de colaboración. En todo caso, os documentos administrativos, certificacións de obra, facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto e o resto da documentación xustificativa, serán verificadas polos servizos técnicos provinciais e fiscalizadas pola Intervención provincial.

O Concello de Pontevedra queda obrigado a prestar a colaboración e a facilitar canta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas; así mesmo, sométense ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007 e ás demais derivadas da normativa de axudas e subvencións.

Cuarta.- Modificacións do proxecto

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras, por causas imprevistas, e que obriguen a unha modificación do proxecto, serán en favor da Deputación en caso de diminución e/ou a conta desta no caso de incremento da contía.

En todo caso, as incidencias que supoñan un incremento da cantidade estipulada, deberán contar coa aprobación ou autorización previa e expresa da Deputación e, no seu caso, esixiran dunha addenda ao convenio se superan o importe estipulado no convenio.



Os incrementos de execución que superen o importe estipulado neste convenio financiaranse con cargo á consignación da aplicación orzamentaria do organismo provincial, correspondente coa achega da Deputación de Pontevedra para o financiamento de investimentos do Concello de Pontevedra.

Quinta.- Obrigas da Deputación

1. A Deputación Provincial de Pontevedra financiará ao 100% a realización das obras, consonte co previsto na cláusula segunda, que será librada contra a presentación das correspondentes certificacións de obra.
2. Levará a cabo as funcións de supervisión e control que lle corresponden en materia de subvencións consonte ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ás demais derivadas da normativa de axudas e subvencións.
3. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015 e da Resolución Presidencial núm. 2017008767 de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas exceden de 600.000,00 euros.

Sexta.- Obrigas do Concello de Pontevedra

1. Ademais da redacción do proxecto técnico xa executada, procederá á preceptiva tramitación e aprobación do proxecto construtivo elaborado e a solicitar, con carácter previo á aprobación, as autorizacións sectoriais preceptivas, nomeadamente a de Augas de Galicia.
2. Licitar, dirixir, executar e recibir as obras previstas no proxecto técnico.
3. Financiar e contratar as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.
4. Remitir á Deputación provincial testemuña ou orixinal da documentación xustificativa referida nas estipulacións segunda e terceira.
5. Asumir a titularidade municipal do viario a executar.
6. Levar a cabo o mantemento e conservación das infraestruturas obxecto deste convenio, tendo que asumir dita responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción das obras, coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas.
7. Dar ao convenio a axeitada publicidade, de tal xeito que quede constancia de que as obras obxecto deste se levaron a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.
8. Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
9. Comunicar á Deputación, de xeito inmediato, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade, procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.



Sétima.- Compatibilidade con outras subvencións

As achegas económicas previstas no presente convenio serán compatibles con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea e/ou organismos internacionais.

Porén, o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actuación subvencionada.

Oitava.- Publicidade

En toda a documentación e informacións relativas ás actuacións ás que se refire o presente convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra.

As accións a desenvolver ao abeiro do convenio deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra.

Por outra banda, en cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito da cidadanía a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír ós principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003.

Novena.- Comisión de Seguimento e Control

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de seguimento e control, da que forman parte os/as presidentes/as ou persoas en quen deleguen e un/unha técnico/a de cada entidade.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- a) A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.*
- b) A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.*
- c) Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.*



d) *Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido deste.*

e) *En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, propor ás partes a súa resolución.*

f) *A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.*

Esta comisión reunirse dentro do prazo de cinco días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera das partes.

Décima.- Entrada en vigor

O investimento obxecto deste Convenio deberá estar executado e finalizado na data límite do 31/12/2023, fixándose un prazo de xustificación ata o 30/04/2024.

No caso de imposibilidade de remate das obras ou xustificación nos prazos referidos, as partes poderán acordar a ampliación dos mesmos ata o 31/12/2024.

O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución dos contratos aos que o mesmo se refire, ou vencemento do prazo máximo inicial ou prorrogado previsto neste Convenio.

Décima primeira.- Causas de resolución

O convenio extinguirse polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- 1. O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.*
- 2. O acordo unánime dos asinantes.*
- 3. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.*

Neste caso, notificarse á parte incumplidora un requirimento, para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos prexuízos causados.

4. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Décima segunda.- Lexislación aplicable e xurisdición competente

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase polas cláusulas establecidas nel; pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e polo RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións; pola Lei 9/2007,



de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e polas restantes normas de dereito administrativo; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; as bases de execución dos orzamentos das Administracións asinantes; a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial; e polas restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de Seguimento e Control, as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución das posibles controversias que puidera suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E, como proba de conformidade, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica.

Pola Deputación Provincial de Pontevedra

Polo Concello de

A presidenta,

O alcalde-presidente,

Dona María del Carmen Silva Rego

Don Miguel Anxo Fernández Lores

O secretario xeral,

O secretario,

Don Carlos Cuadrado Romay

Don José Carlos Castiñeira Piñeiro”

- *FACULTAR á presidenta para formalizar o devandito convenio mediante a súa sinatura.*
- *DARLLE TRASLADO do presente acordo ó Concello de Pontevedra, á Intervención, ó Servizo de Cooperación, ó Gabinete da Presidencia e o Gabinete de Prensa.”*

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, ditamina favorablemente por unanimidade, cos votos a favor dos/as deputados/as do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (8), do Grupo Provincial do BNG (2), e dos/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular (7), a proposta de acordo indicada “ut supra”

3.- DITAMINAR A APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DUN PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE NA CIDADE DE VIGO 2021/2023, RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL e MELLORA DA CUBRICIÓN DO PATIO NO COLEXIO CEIP JAVIER SENSAT (expediente núm. 2021044958)

De conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, sométese ó Ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social a seguinte proposta de acordo con carácter previo á súa elevación ante o Pleno para a súa aprobación:



“ASUNTO: APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DUN PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE NA CIDADE DE VIGO 2021/2023, RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL e MELLORA DA CUBRICIÓN DO PATIO NO COLEXIO CEIP JAVIER SENSAT

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- *No exercicio das súas atribucións, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo teñen o obxectivo compartido continuar coas amplas intervencións realizadas nos últimos anos nas vías públicas, tanto na zona rural como no casco urbano, consolidando un programa de actuacións para o desenvolvemento de proxectos para a mellora da mobilidade urbana sostible.*
- *Para dar cumprimento ó obxectivo referido no parágrafo anterior a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo desexan establecer as pautas de colaboración para levar a cabo o “PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE NA CIDADE DE VIGO 2021/2023, RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL E A MELLORA DA CUBRICIÓN DO PATIO NO COLEXIO CEIP JAVIER SENSAT” e así, en data 13/09/2021 e núms. de rexistro 2021021013 e 2021021014, o Concello de Vigo presenta no Rexistro Xeral unha solicitude e demais documentación necesaria para a formalización do devandito convenio. Asemade segundo as memoria técnicas e económicas dos referidos investimentos a estimación económica para a súa execución será de 15.795.204,71 €, IVE engadido, que segundo o previsto na proposta de convenio será financiado pola Deputación de Pontevedra, cunha achega de 10.783.752,48 €, que se desagrega da seguinte forma:*

Exercicio 2021	Exercicio 2022	Exercicio 2023	Total
2.538.752,48 €	4.125.000,00 €	4.120.000,00 €	10.783.752,48 €

Por outra banda o Concello de Vigo se compromete a financiar os investimentos obxecto deste convenio ate un máximo de 5.011.452,23 € da maneira que se reflicte na seguinte táboa:

Exercicio 2021	Exercicio 2022	Exercicio 2023	Total
1.259.522,10 €	1.907.386,90 €	1.844.543,23 €	5.011.452,23 €

Revisada polo Servizo de Cooperación, a documentación achegada cumpre os requisitos esixidos pola normativa aplicable para a sinatura do convenio. A estes efectos a proposta de convenio infórmase pola xefa do Servizo de Cooperación. Pola súa banda, solicítase a Intervención Xeral provincial, logo de dar conta dos antecedentes e normativa



de aplicación, a fiscalización e conformidade do expediente.

- *Someteuse ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación cos Municipios, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social para levar a cabo o “PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE NA CIDADE DE VIGO 2021/2023, RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL E A MELLORA DA CUBRICIÓN DO PATIO NO COLEXIO CEIP JAVIER SENSAT”.*

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Lexislación aplicable

- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA)*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas (LPACAP)*
- *Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)*
- *Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)*
- *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)*
- *Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio 2021*
- *Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral)*

Consideracións Xurídicas:

Competencia:

- *Artigo 25.2.d) da LRBRL, en concordancia co artigo 80.2.d) da LALGA que atribúe ás administracións municipais a competencia en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, así como da ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística; a promoción e xestión de vivendas; os parques e xardíns; a pavimentación de vías públicas urbanas e a conservación de camiños e vías rurais.*
- *Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica ós concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ó conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo ós seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.*



Petición e evacuación de informes:

- *Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.*
- *Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.*
- *Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.*
- *Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.*
- *Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para 2021, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.*
- *Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*

Procedencia do convenio

- *Artigo 47 e seguintes da LRXSP, que dispón que o convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.*
- *Artigo 57 da LRBRL que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.*
- *Artigo 198 da LALGA, que establece que as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia. No seu apartado 2º dispónse que a través dos convenios de cooperación as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector e distribuír as subvencións outorgadas por unha delas. No apartado 3º sinalase que, en especial, as Deputacións Provinciais poderán subscribir, cos municipios da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ó conxunto dos servizos municipais.*
- *Artigos 199 da LALGA, que en consonancia co artigo 49 da LRXSP sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.*
- *Artigo 6 da LCSP, que exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que subscriban estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a dita lei.*
- *Artigo 2 da LXS, polo que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención. O artigo 22.2 da LXS sinala que se poderán conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das Entidades*



Locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións. Neste senso, a Deputación, para o desenvolvemento das actuacións que se describen no convenio, ten consignado expresamente no estado de gastos do orzamento provincial do exercicio 2021, dotación orzamentaria na aplicación 2021/942.9420.762.14 e designado como beneficiario ó concello.

- *Artigo 28.1 da LXS que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.*

CONCLUSIÓNS

En base ás precedentes consideracións e ó interese público que representa esta actuación para a cidade de Vigo, da veciñanza e resto de potenciais visitantes da cidade, o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra conveñen a súa colaboración neste ámbito co obxecto de desenvolver un réxime de colaboración entre ambas administracións locais para levar a cabo a execución das actuacións do Plan de Mellora da Mobilidade Urbana Sostible na Cidade de Vigo 2021/2023, recuperación do sistema dunar na praia de Samil e mellora da cubrición do patio no colexio CEIP Javier Sensat.

Neste senso os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar esta colaboración.

O Concello de Vigo presentou a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver e o propio obxecto do convenio.

Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación do “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DUN PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE NA CIDADE DE VIGO 2021/2023, RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL e MELLORA DA CUBRICIÓN DO PATIO NO COLEXIO CEIP JAVIER SENSAT”

RÉXIME COMPETENCIAL:

De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle ós órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido no artigo 33 da LRBRL e na base 16ª.3.b) das Bases de Execución do Orzamento provincial, compételle ao Pleno a autorización e disposición dos gastos plurianuais cando non se cumpran os límites establecidos no artigo 174 do TRLRFL.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.



Á vista dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e da Intervención Provincial, sométese a ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, a seguinte proposta de acordo:

- APROBAR o “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DUN PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE NA CIDADE DE VIGO 2021/2023, RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL e MELLORA DA CUBRICIÓN DO PATIO NO COLEXIO CEIP JAVIER SENSAT” cuxo texto literalmente transcrito di como segue:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DUN PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE NA CIDADE DE VIGO 2021/2023, RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL e MELLORA DA CUBRICIÓN DO PATIO NO COLEXIO CEIP JAVIER SENSAT.

Na data da sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha parte, D^a María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Doutra, D. Abel Caballero Álvarez, quen actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Actúan D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, e D^a Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- A Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e os eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as



deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

II.- *A Deputación Provincial de Pontevedra contempla nos orzamentos unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital créditos para o establecemento dos correspondentes convenios de colaboración cos Concellos e concretamente co Concello de Vigo para o desenvolvemento das actuacións obxecto deste expediente.*

III.- *O Concello de Vigo, continuando as amplas intervencións realizadas nos últimos anos nas vías públicas, tanto na zona rural como no casco urbano, ven a consolidar un programa de actuación para o desenvolvemento de proxectos para a mellora da mobilidade urbana sostible. O conxunto de propostas que se propoñen dentro do obxecto deste convenio, teñen un eixo estratéxico común: un compromiso por seguir convertendo esta cidade, tan marcada polas súas condicións orográficas, nun lugar cómodo e accesible, en suprimir as barreiras arquitectónicas nas vías e pavimentos públicos, mellorar a mobilidade peonil con incorporación de elementos de transporte mecánico multimodal para favorecer os desprazamentos urbanos, incrementar a eficiencia enerxética dos servizos públicos, incrementar os espazos verdes nunha contorna marcadamente urbana e regular o viario urbano para a potenciación da mobilidade peonil e así mesmo mellorar.*

Dentro destas actuacións propónse a inclusión da primeira fase da recuperación do SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL, entre a punta de Samil e o espazo que ocupou o a concesión administrativa do Camaleón.

Así mesmo propónse a continuidade das obras de mellora que en colaboración coa Deputación esta a realizar o Concello de Vigo para a cubrición de patios de colexios públicos, que supoñen unha aposta pola mellora das condicións de uso dos recintos escolares

IV.- *Que o artigo 25.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local atribúe ás Administracións Municipais a competencia en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.*

Por outra banda, o art. 36.1) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local encomenda ás deputacións o aseguramento da prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal; competencia en relación coa cal a Deputación Provincial de Pontevedra ten previsto na súa planificación a mellora á transformación sostible da infraestrutura viaria dos concellos da provincia.

V.- *Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolveren a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, así como co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

VI.- *Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento da colaboración entre ámbalas dúas administracións, que contemplan como un dos seus obxectivos estratéxicos a consolidación dunha rede de infraestruturas integradoras, accesibles e abertas para o desfrute dos veciños, o Concello de Vigo e a Deputación de*



Pontevedra acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan agora os aquí comparecentes, con arranxo aos seguintes:

PACTOS

PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO

1.- É obxecto deste convenio, establecer as pautas de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para desenvolver un PLAN DE MELLORA DA MOVILIDADE URBANA SOSTIBLE NA CIDADE DE VIGO 2021/2023, RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL e MELLORA DA CUBRICIÓN DO PATIO NO COLEXIO CEIP JAVIER SENSAT, de acordo coas actuacións que se propoñen na memoria que se achega como anexo I.

2.- O investimentos vinculados ao presente convenio atópase definidos nas memoria técnicas e económica asinadas polo enxeñeiro Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas, e que comprende as actuacións definidas no plan de acción denominado PLAN DE MELLORA DA MOVILIDADE URBANA SOSTIBLE NA CIDADE DE VIGO 2021/2023, RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL e MELLORA DA CUBRICIÓN DO PATIO NO COLEXIO CEIP JAVIER SENSAT, o cal presenta un alcance completo de actuacións en diversas zoas da cidade de Vigo.

3.- Para o desenvolvemento do investimento proposto, e de acordo coas memorias técnicas e económicas que se achegan como anexo a este convenio, establececese a seguinte a estimación económica para a súa execución:

	2021	2022	2023	Total
1.- HUMANIZACIÓN MARTINEZ GARRIDO FASE 4	1.265.055,00 €	- €	- €	1.265.055,00 €
2.- VIGO VERTICAL – JR Jiménez FASE ROMIL E HISPANIDADE	1.329.316,58 €	14.380,90 €	- €	1.343.697,48 €
3.- VIGO VERTICAL - Travesía de Vigo - Aragón	884.391,00 €	45.861,10 €	- €	930.252,10 €
4.- VIGO VERTICAL - J BENAVENTE - TORRECEDEIRA. Fase Marques de Valterra Torrecedeira	- €	900.000,00 €	340.336,13 €	1.240.336,13 €
5.- RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA SAMIL T.M. VIGO. FASE I: ENTRE	- €	2.130.000,00 €	2.426.728,11 €	4.556.728,11 €



PUNTA SAMIL E CAMALEÓN				
6.- HUMANIZACIÓN SAN ROQUE. FASE GREGORIO ESPINO - RUA RUISEÑOR	- €	900.000,00 €	547.058,82 €	1.447.058,82 €
7.- HUMANIZACIÓN AVDA CASTELAO. FASE ROTONDA BARCO E DARIO DURAN	- €	700.000,00 €	850.420,17 €	1.550.420,17 €
8.- PLAN DE MELLORA DE FIRMES EN VIAS MUNICIPAIS	100.000,00 €	1.200.000,00 €	1.800.000,00 €	3.100.000,00 €
9.- CUBRICIÓN DO PATIO CO CEIP JAVIER SENSANT	219.512,00 €	142.144,90 €	- €	361.656,90 €

	2021	2022	2023	Total
TOTAL ACTUACIÓNS	3.798.274,58 €	6.032.386,90 €	5.964.543,23 €	15.795.204,71 €

Estas actuacións teñen a consideración de proxectos a executar e co obxectivo de optimizar a execución económica do convenio, poderán ser ampliada a execución das actuacións inicialmente contempladas no “plan de melloras de firmes”, a recuperación dunar na praia de Samil e a mellora da cubrición do patio do colexio CEIP Javier Sensat, co obxecto de operativizar a posibles baixas económicas que se produzan na execución, sempre que a execución destas se atopen dentro dos importes máximos a aportar por cada administración.

SEGUNDO.- IMPORTE E FINANCIAMENTO

*O importe ao que se refire o presente convenio ascende á cantidade de “**Quince millóns setecentos noventa e cinco mil douscentos catro euros con setenta e un euros**” (15.795.204,71 euros), incluíndo os gastos da execución das obras, así como os gastos asociados á obra en relación as asistencias técnicas sobre a coordinación de seguridade e saúde, dirección da obra ou asistencia á dirección, e serán asumidas entre ambas administración de acordo cos seguintes importes:*

*A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a achegar, para a execución dos investimentos previstos no obxecto deste convenio, a contía de “**Dez millóns setecentos oitenta e tres mil setecentos cincuenta e dous euros con corenta e oito céntimos**” (10.783.752,48 euros).*



O financiamento comprometido pola Deputación Provincial de Pontevedra terá carácter de achega definitiva á execución do convenio, consonte ao anexo económico deste convenio e que se resume na táboa que se inxire a continuación:

Exercicio 2021	Exercicio 2022	Exercicio 2023	Total
2.538.752,48 €	4.125.000,00 €	4.120.000,00 €	10.783.752,48 €

O pagamento do importe referido á anualidades 2021, 2022 e 2023 se realizará con cargo á aplicación 942.9420.762.14 destinada ao financiamento dos convenios cos concellos de Vigo e Pontevedra.

Non obstante, o pagamento quedará condicionado, en todo caso, ao crédito que para cada exercicio autoricen os orzamentos xerais da Deputación Provincial de Pontevedra dos anos 2022 e 2023.

Pola súa banda, o Concello de Vigo obrígase a achegar ate un máximo de **Cinco millóns once mil catrocentos cincuenta e dous euros con vinte tres céntimos (5.011.452,23 euros)**, desagregados da forma seguinte:

Exercicio 2021	Exercicio 2022	Exercicio 2023	Total
1.259.522,10 €	1.907.386,90 €	1.844.543,23 €	5.011.452,23 €

A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega do Concello de Vigo será financiada con cargo os créditos das aplicacións:

Aplicación	Concepto	2021	2022	2023	Total
1532.619.00 .32	HUMANIZACIÓN MARTINEZ GARRIDO FASE 4	550.000,00 €	- €	- €	550.000,00 €
1539.619.00 .13	VIGO VERTICAL - CAMELIAS HISPANIDAD FASE ROMIL E HISPANIDAD	385.619,10 €	14.380,90 €	- €	400.000,00 €
1539.619.00 .11	VIGO VERTICAL - Travesía de Vigo – Aragón	284.391,00 €	45.861,10 €	- €	330.252,10 €
1539.619.00 .12	VIGO VERTICAL - J BENAVENTE - TORRECEDEIRA. Fase Marques de	- €	300.000,00 €	120.336,13 €	420.336,13 €



	Valterra Torrecedeira				
1721.609.00 .10	RECUPERACIÓN DO SISTEMA DURNAR NA PRAIA SAMIL T.M. VIGO. FASE I: ENTRE PUNTA SAMIL E CAMALEÓN	- €	600.000,00 €	826.728,11 €	1.426.728,11 €
1532.619.00 .08	HUMANIZACIÓN SAN ROQUE. FASE GREGORIO ESPINO - RUA RUISEÑOR	- €	300.000,00 €	147.058,82 €	447.058,82 €
1532.619.00 .00	HUMANIZACIÓN AVDA CASTELAO. FASE ROTONDA BARCO E DARIO DURAN	- €	250.000,00 €	250.420,17 €	500.420,17 €
1532.210.00 .04	PLAN DE MELLORA DE FIRMES EN VIAS MUNICIPAIS	- €	350.000,00 €	500.000,00 €	850.000,00 €
3230.622.00 .05	CUBRICIÓN DO PATIO CO CEIP JAVIER SENSANT	39.512,00 €	47.144,90 €	- €	86.656,90 €
	TOTAL CONVENIO 21/23	1.259.522,1 0 €	1.907.386,90 €	1.844.543,23 €	5.011.452,23 €

Non obstante, a execución e o pagamento quedará condicionado, en todo caso, á aprobación dos orzamentos xerais do concello do ano 2022 e 2023 ou ás modificacións orzamentarias que se aproben para garantir o cofinanciamento de cada un dos proxectos que conforman o obxecto do contrato.

TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1.- A execución das actuacións e dos contratos a que o presente convenio se refire e o seu financiamento polas partes asinantes terá lugar durante os anos 2021, 2022 e 2023, de acordo coas obrigas de financiamento indicadas no pacto segundo e descritas no anexo económico deste convenio se corresponden cos seguintes compromisos globais de forma anual:



	Exercicio 2021	Exercicio 2022	Exercicio 2023	Total
<i>Deputación de Pontevedra</i>	2.538.752,48 €	4.125.000,00 €	4.120.000,00 €	10.783.752,48 €
<i>Concello de Vigo</i>	1.259.522,10 €	1.907.386,90 €	1.844.543,23 €	5.011.452,23 €
TOTAL CONVENIO	3.798.274,58 €	6.032.386,90 €	5.964.543,23 €	15.795.204,71 €

Non obstante, o eventual reaxuste das anualidades da execución dos ditos contratos, poderá dar lugar ao reaxuste das anualidades do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Vigo, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación Provincial no expediente que se inicie para o reaxuste das anualidades de calquera dos ditos contratos e da resolución que se dite.

2.- A memorias técnicas e económicas (anexo I) que se achega ao presente convenio, determinan o ámbito de actuación do convenio, podendo ser substituída algunha das actuación cando concorran causas xustificadas, e así se propoña a través do acordo da comisión de seguimento.

3.- O Concello de Vigo comprométese a comunicarlle a Deputación Provincial de Pontevedra cada un dos proxectos de execución vinculados ao obxecto deste convenio, para o cal lle remitirá copia completa do proxecto unha vez se atope aprobado pola Xunta de Goberno Local.

4.- Licitados e formalizados os contratos das obras para a execución dos investimentos aos que se refire o pacto primeiro, remitírase copia dos mesmos á Deputación Provincial e comunicárase a esta, data e hora en que terá lugar a comprobación do replanteo, á que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un representante desta. A copia da acta que se levante será remitida á Deputación Provincial coa primeira certificación de obra que expida o director da mesma.

5.- O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a data e hora en que terá lugar, o acto de recepción de cada unha das obras obxecto do convenio, ao que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un representante ou facultativo desta. A Administración municipal remitirá á provincial copia das acta dos actos de recepción e certificación da resolución do órgano competente aprobatoria da recepción das obras executadas e das certificacións finais das mesmas.

6.- Formalizado, de selo caso, o contrato, ou contratos, de servizos para a contratación de asistencia técnica á dirección das obras e a Coordinación de seguridade e Saúde, remitírase copia dos mesmos á Deputación Provincial así como dos abonos a conta que en execución dos mesmos se poidan producir.

7.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución das obras obxecto do presente convenio e as actuacións realizadas no marco do mesmo cando o teña por convinte, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda



en exclusiva ao órgano de contratación e aos responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.

CUARTO.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O Concello de Vigo asume a licitación, dirección, execución e recepción das obras contempladas na memoria técnica e no proxecto aprobado, e a súa xustificación perante a Deputación de Pontevedra.

O pagamento da subvención farase pola Deputación mediante pagos anticipados:

- Anualidade de 2021. Cando o Concello remita o acordo de adjudicación xuntamente co contrato formalizado e acta de comprobación de replanteo se fose o caso de cada contrato (obra, servizos complementarios, etc.) anticiparase o 50 por cento da anualidade 2021 de cada contrato. Cando xa se teña xustificado mais do 40 por cento aboarase o 50 por cento restante, completando así a anualidade 2021 do contrato.*
- Anualidade de 2022. Cando se teña xustificado o 100 por cento da anualidade de 2021, anticiparase o 50 por cento da anualidade 2022 de cada contrato. Cando se xustifique mais do 40 por cento aboarase o 50 por cento restante de dita anualidade*
- Cando se teña xustificado o 100 por cento da anualidade de 2022, anticiparase o 50 por cento da anualidade 2023 de cada contrato. Cando se xustifique mais do 40 por cento aboarase o 50 por cento restante.*

No caso de existir excesos de medición, aboaranse previa solicitude e acreditación dos mesmos.

No caso de aprobarse modificados, de conformidade co disposto na base quinta, que incrementen o prezo do/s contrato/s faranse os pagos adicionais que correspondan, previa xustificación.

Os pagos anticipados teñen que ser solicitados polo Concello

Os pagos quedan condicionados a aprobación polo órgano competente da Deputación das solicitudes de pago e xustificación, previos os controis favorables dos servizos administrativos e técnicos da Deputación e á fiscalización de Intervención

A xustificación realizarase por investimento. En cada xustificación achegarase a documento correspondente a todos os contratos referidos a cada un dos investimentos obxecto deste Convenio.

O Concello de Vigo presentará a documentación xustificativa correspondente aos contratos de cada un dos investimentos:

- no momento inicial, para libramento do primeiro pago anticipado,*
- unha vez executada cada unha das anualidades dos investimentos nunha porcentaxe mínima do 40% .*
- coa execución do 100% de cada anualidade.*
- á finalización do investimento,*



de conformidade co seguinte:

1. *Para o libramento do primeiro pago anticipado correspondente co 50 por cento da primeira anualidade de cada contrato (obra e servizos complementarios) achegarse a seguinte documentación:*
 - a. *Solicitud de pago anticipado*
 - b. *Nomeamento do Director de obra e coordinador de seguridade e saúde.*
 - c. *Contrato de adxudicación da obra e servizos (dirección de obra, asistencia técnica á dirección e/ou coordinación de seguridade e saúde).*
 - d. *Acta de comprobación do replanteo.*
2. *Para o libramento do segundo pago anticipado de cada unha das anualidades:*
 - a) *Solicitud de pago anticipado*
 - b) *Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo ou gasto executado por un importe mínimo do 40 por cento da anualidade de cada contrato, detallando as certificacións e/ou facturas, o contratista, o NIF, o número de factura, o concepto e importe.*
 - c) *Factura/s expedida/s polas empresas adxudicatarias dos traballos realizados.*
 - d) *Certificación/s de obra executada.*
 - e) *Certificación ou acordo de aprobación/conformidade dos gastos (certificacións ou facturas) polo órgano municipal.*
 - f) *Certificación de que os gastos cuxa xustificación se presenta xa foron pagados.*
 - g) *Proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.*
3. *Para os investimentos plurianuais, o libramento do primeiro pago anticipado da segunda e/ou terceira anualidade de cada contrato, condiciónase á previa xustificación íntegra da anualidade anterior, presentando solicitud de pago anticipado e conta xustificativa polo importe pendente de xustificar e demais documentación requirida, segundo detalle do punto anterior.*

A documentación xustificativa para o libramento dos segundos pagos anticipados correspondentes á segunda ou terceira anualidade axustaranse ao disposto no punto anterior.

4. *Así mesmo, coa finalización de cada unha das obras, deberá ser aportada a seguinte documentación:*
 - a) *Conta xustificativa dos gastos pendentes de xustificación, na que se determinará o custo ou gasto total executado de cada contrato, detallando as certificacións e/ou facturas, o contratista, o NIF, o número de factura, o concepto e o importe.*
 - b) *Factura/s expedida/s polas empresas adxudicatarias dos traballos realizados, posteriores ás incluídas en anteriores xustificacións.*



- c) *Certificación/s de obra executada, posteriores ás incluídas en anteriores xustificacións.*
- d) *Certificación ou acordo de aprobación/conformidade dos gastos (certificacións ou facturas) polo órgano municipal.*
- e) *Certificación de que os gastos cuxa xustificación se presenta xa foron pagados.*
- f) *Acta de recepción, unha vez rematado o investimento.*
- g) *Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a actividade obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.*
- h) *Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.*

As xustificacións (contas xustificativas, certificación/s de obra, facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto, e o resto da documentación xustificativa), serán verificadas polos servizos administrativos e técnicos provinciais e fiscalizadas pola Intervención provincial antes de ser aprobadas e pagadas.

Así mesmo, as actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución das obras por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial.

A comprobación material do investimento que se define no parágrafo anterior é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

QUINTO.- MODIFICACIÓNS DOS PROXECTOS E ACTUACIÓN VINCULADAS AO CONVENIO

As partes asinantes do convenio, comprométense á estabilidade do financiamento comprometido en base á contratación dos proxectos dos investimentos obxecto deste convenio.

O importe das baixas de cada investimento poderase destinar ao financiamento de modificados e posibles excesos de medición do mesmo.

O Concello de Vigo poderá propoñer á comisión de seguimento a inclusión de novas actuacións dentro do contexto do obxecto do convenio co obxecto de optimizar a execución do convenio económica do convenio e sempre que a execución destas se atopen dentro dos importes máximos a aportar por cada administración

Se finalmente, a execución das actuacións previstas tiveran un custe inferior ao indicado na adxudicación do contrato, e sempre que isto non supoña unha actuación deficiente do mesmo, a contía das achegas das administracións reducirase proporcionalmente, sempre que non sexa proposta ningunha actuación a executar en base a ampliación do plan de mellora de firmes.



SEXTO.- COMPROMISOS DAS PARTES

O Concello de Vigo obrígase a:

- a) *Financiar a execución das obras obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo e terceiro. A tal fin dotará os recursos necesarios, na aplicación correspondente, para o financiamento da actuación prevista na memoria e no proxecto técnico.*
- b) *Licitat o proxecto que conforma a actuación obxecto deste convenio.*
- c) *Executar, controlar e recibir as obras consonte ao correspondente proxecto técnico.*
- d) *Contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.*
- e) *Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- f) *Dar a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito de que quede constancia de que a obra obxecto do mesmo se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.*
- g) *Levar a cabo o mantemento e conservación da infraestrutura viaria obxecto deste convenio, tendo a asunción da dita responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción de obra coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas.*
- h) *Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.*
- i) *Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.*
- j) *Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.*

Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén seralle de aplicación o recollido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu Regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, e Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.

A Deputación de Pontevedra comprométese a:

- a) *Financiar a execución das obras obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo e terceiro. A tal fin disporá dos recursos indicados co carácter de achega completa e finalista para a execución das mesmas.*
- b) *Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.*



SÉTIMO.- PUBLICIDADE

En toda a documentación e información relativas ao obxecto deste convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, e nelas figurará de maneira destacada o financiamento da actuación por ambas administracións.

En todo caso as accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas públicas, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento de cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, se deberá publicar a achega concedida na BDNS e na WEB da Deputación Provincial de Pontevedra, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

O convenio que nos ocupa, pola súa contía, deberá ser remitido ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

OITAVO.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

As partes comprométese ao intercambio de datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos s termos deste convenio coas garantías de confidencialidade que en cada caso se requiran e permanecerá exclusivamente no ámbito da relación das partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, obrigándose a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración do convenio.

Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.

As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.

NOVENO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS

A achega económica prevista no presente instrumento, que ten carácter de subvención, será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da contratación subvencionada, para o cal de ser o caso se procederá a minorar



proporcionalmente as cantidades a aportar por cada administración en relación ao importe adxudicado.

DÉCIMO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por tres representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento:

- a) A puntual recepción de información sobre tódalas actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.*
- b) A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.*
- c) A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.*
- d) A emisión de informe en relación coa necesidade do reaxuste da anualidade do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución do contrato a que este se refire.*
- e) A aprobación da inclusión de algunha das actuacións incluídas como “previsións para execución das baixas económicas en relación ao plan de mellora de firmas”, a recuperación dunar na praia de Samil e a mellora da cubrición do patio do colexio CEIP Javier Sensat”, sempre que a execución destas se atopen dentro dos importes máximos a aportar por cada administración.*
- f) A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.*

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime convinte o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo ou na Deputación de Pontevedra, segundo acorden as partes. Na súa reunión constituínte designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario, que levantará acta das súas reunións.

DÉCIMO PRIMEIRO.- PRAZOS DE EXECUCIÓN, XUSTIFICACIÓN E VIXENCIADO CONVENIO

Os investimentos obxecto deste Convenio deberán estar executados e finalizados na data límite do 31/12/2023, fixándose un prazo de xustificación ata o 30/04/2024.

No caso de imposibilidade de remate das obras ou xustificación nos prazos referidos, as partes poderán acordar a ampliación dos mesmos ata o 31/12/2024.

O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución dos contratos aos que o mesmo se refire, ou vencemento do prazo máximo inicial ou prorrogado previsto neste Convenio.



DÉCIMO SEGUNDO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.

2º.- O acordo unánime dos asinantes.

3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos prexuízos causados.

4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO TERCEIRO- RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes; a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non puideran resolverse a través da Comisión de Seguimento, será competente a Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

O Alcalde-Presidente do Concello de Vigo

Asdo.: Abel Caballero Álvarez

A Presidenta da Deputación de Pontevedra

Asdo.: M^a Carmen Silva Rego

*A Secretaria do Goberno Local do
Concello de Vigo*

Asdo.: Susana Gallardo Fariña

*O Secretario Xeral da Deputación de
Pontevedra*

Asdo.: Carlos Cuadrado Romay”



- *FACULTAR á presidenta para formalizar o devandito convenio mediante a súa sinatura.*
- *DARLLE TRASLADO do presente acordo ó Concello de Vigo, á Intervención, ó Servizo de Cooperación, ó Gabinete da Presidencia e o Gabinete de Prensa.”*

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, ditamina favorablemente por unanimidade, cos votos a favor dos/as deputados/as do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (8), do Grupo Provincial do BNG (2), e dos/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular (7), a proposta de acordo indicada “ut supra”

4.- ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por finalizada a reunión, sendo as dez horas e corenta minutos, do que, como secretaria, dou fe.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A Secretaria da Comisión,
(documento asinado electronicamente)
Marina Piñeiro Novo

